


## Sumario | nº32 – Decembro 2023

EDIUS



OPINIÓN

Ferramentas para  
unha mellor comunicación  
dos doutorandas/os



A túa tese non  
interesa a ninguén  
(Nin sequera a ti?)

EDIUS NOVAS

Códigos de  
identificación para  
 persoas investigadoras



EDIUS NOVAS

Programa de  
mentorización para  
alumnado da EDIUS



EDIUS NOVAS

Proposta de concesión das axudas  
de apoio á etapa predoutoral nas  
universidades do SUG, 2023



**A opinión**  
*dos doutorandos/as*



EDIUS NOVAS

A convocatoria  
CaixaResearch de  
Investigación en  
Saúde recoñece catro  
proxectos nos que  
participa a USC



EDIUS NOVAS

A USC lanza unha  
campaña para combater  
o acoso por razón de sexo,  
orientación sexual  
e identidade de xénero



EDIUS NOVAS

A traxectoria científica  
de Diego Peña recibe  
o recoñecemento da Real  
Sociedad Española  
de Química



EDIUS NOVAS

O Portal da Investigación  
estrea a versión beta dun  
buscador de especialistas  
por eidos temáticos



EDIUS

Investigación  
e Fediverso



EDIUS NOVAS

Arranca unha nova edición de Explorer,  
un programa de preincubación en liña  
e gratuito que permite experimentar  
co emprendemento



EDIUS NOVAS

Plan de  
Formación (PF)



As plataformas  
alternativas das  
*big tech*



**EDIUS** NOVAS

# Plan de Formación (PF)

Obrigatorio para todo o estudiantado de doutoramento desde este curso.

Desde este curso, os doutorandos e doutorandas deben presentar un Plan de Formación (PF), que aínda que a efectos administrativos está incluido no Plan de Investigación, o certo é que ten identidade propia. Polo tanto, o Plan de Formación é un apartado de carácter obligatorio para o alumnado de doutoramento que inicia os seus estudos no curso 2023/2024 e debe incluir as actividades que o persoal investigador ten pensado realizar ao longo da etapa da súa tese. Trátase dunha descripción da proposta de formación prevista durante os estudos de doutoramento. Por suposto, esta proposta pode ir modificándose ao longo do tempo.

Aínda que o Plan de Formación ten que ser presentado polo doutorando/a, debe estar consensuado e contar co asesoramento do director ou directora da tese.

A nivel práctico, o PF funciona de xeito similar ao que se esixe nos programas de Formación do Profesorado Universitario (FPU).

## O Plan de Formación debe incluir:

- Actividades de carácter obligatorio do Programa de Doutoramento (congresos, cursos, publicacións...).
- Aquellas actividades que os directores de tese consideren necesarias en función da temática do Plan de Investigación.



EDIUS



## Ferramentas para unha mellor comunicación dos doutorandas/os

O alumnado de doutoramento ten á súa disposición unha serie de ferramentas para facilitar e mellorar a comunicación coas persoas que supervisan, dirixen ou titorizan os seus traballos de investigación. Son ferramentas bidireccionais, xa que fortalecen a comunicación en ambas direccións. Imos coñecer cada unha delas máis polo míúdo:

### FERRAMENTAS

A

#### OS CORREOS ELECTRÓNICOS

Os doutorandos/as dispoñen de tres maneiras de comunicarse e recibir información a través dos enderezos electrónicos:

1. Os buzones dos programas de doutoramento.
2. O propio correo do doutorando/a.
3. Os correos electrónicos institucionais.

Programa de Doutoramento  
Biodiversidade e Conservación  
do Medio Natural  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencia de Materiais  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencia e Tecnología Química  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencias Agrícolas e  
Medioambientais  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencias Mariñas, Tecnología e  
Xestión (ciencias do Mar)  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencias Odontológicas  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencias Sociales e  
Envellecemento  
[Amosar datos de contacto](#)

Programa de Doutoramento  
Ciencias da Visión  
[Amosar datos de contacto](#)

A

O propio enderezo electrónico do doutorando/a ao que se lle enviará información do seu interese, pero para que funcione correctamente esta ferramenta e poder sacarle todo o rendemento posible, é imprescindible que os doutorandos e doutorandas revisen e actualicen os enderezos electrónicos de contacto, algo que deberán facer a través da súa Secretaría Virtual. No caso de que teñan máis dun correo, é conveniente redireccionar todos ao que empreguen más habitualmente para que non se perda ningunha mensaxe.

A este buzón de correo envíase todo tipo de comunicación institucional como:

- As mensaxes das listas de distribución.
- Notificacións individuais.
- As mensaxes das distintas avaliacións: PI, informe anual, autorización de defensa...

#### Correos de contacto

- Titor/Director/Perfil autorizado
- Coordinador PD a través da caixa de correo institucional do programa: pd.xxx@usc.es
- EDIUS (questiós xerais): [edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)
  - Para cuestiós sobre as teses de doutoramento: [edius.teses@usc.es](mailto:edius.teses@usc.es)
  - Para cuestiós sobre as actividades formativas: [edius.formacion@usc.es](mailto:edius.formacion@usc.es)
- Incidencias técnicas SV: [cav@usc.es](mailto:cav@usc.es)
- Xestión académica: [doutoramento@usc.es](mailto:doutoramento@usc.es)

B

## INTRANET

Cada programa de doutoramento da EDIUS tamén ten a súa propia intranet. O alumnado pode acceder a esta ferramenta a través da web, entrando en cada un dos PD.



The screenshot shows the official website of the University of Santiago de Compostela (USC) with a blue header bar containing links like 'USC Virtual', 'Sede electrónica', 'Goberno', 'Centros', 'Departamentos', 'Servizos', 'Directorio', 'Transparencia', 'Xornal', 'Estudiantes', 'Internacional', 'Empresas', 'Máis perfís', 'GL', and a search icon. Below the header, there's a navigation menu with links to 'USC', 'Estudios', 'Admisión', 'Investigación', 'USC Vida', and 'Estudios / Doutoramentos / Ciencias'. A yellow box highlights the 'Web propia (intranet)' link under the 'Normativa' section. On the left, there's a table with information about the 'Programa de Doutoramento en Ciencia de Materiais', including its type (Presencial), area (Ciencias), center (Escola de Doutoramento Internacional da USC), address (Avenida das Ciencias, 6, 15782 Santiago de Compostela), and campus (Santiago de Compostela). The right side contains a detailed description of the program's objective and its relevance to industry and research.

Tipo	Presencial
Área	Ciencias
Centro(s)	Escola de Doutoramento Internacional da USC Avenida das Ciencias, 6, 15782 Santiago de Compostela
Campus	Santiago de Compostela
O Programa de Doutoramento en Ciencias Materiais xorde co obxectivo de proporcionar ao sector industrial e de I+D+I de profesionais altamente cualificados nesta área emerxente e interdisciplinar capaces de resolver os problemas que se formulen nos novos e cada vez economicamente máis importantes eidos dos materiais electrónicos, materiais funcionais, biomateriais e nanomateriais.	

 Ir ao sumario

**B**

As páxinas de intranet creáronse tras os informes de acreditación dos programas, xa que a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) requiría que na web dos programas se incorporase máis información como pode ser a descripción e datas das actividades formativas específicas dos programas, documentación de admisión, publicacións derivadas das teses, acordos das CAPDs... As intranets serviron como unha solución parcial.

O acceso é para toda persoa con vinculación á USC, alumnado de calquera titulación, PDI e PAS. O profesorado externo IDIS ou CSIC, non ten acceso.

Os permisos de edición das páxinas, debe solicitalos o coordinador do PD mandando un correo ao [cau@usc.es](mailto:cau@usc.es). Desde a EDIUS, en principio, solicitamos permisos para o coordinador/a, o secretario/a da CAPD e o PAS de apoio ao programa.

**C**

## AULA VIRTUAL

Esta ferramenta non está activa en todos os programas de doutoramento, polo que previamente debe consultalo co seu programa. O acceso sería exclusivamente para os/as doutorandos/as e o profesorado do programa.



 Ir ao sumario



OPINIÓN

## A túa tese non interesa a ninguén (Nin sequera a ti?)

Álvaro Lorenzo Rey

Membro Comisión  
Sectorial da EDIUS.  
Ciencias Sociais e  
Xurídicas.

Eu teño visto cousas que vós non creriades. Non atacar teses en chamas máis aló de Orión, pero case.

Teño visto teses adornando andeis, teses calzando mesas que coxean, teses abandonadas nas mesas dos despachos de quen as xulgou... Mesmo algúha tese sendo obxecto dun inmerecido *book* fotográfico (si, si!). Máis aló do mundo da imaxe, da vangloria das redes sociais ou da utilidade instrumental, a crúa realidade é que a túa tese non interesa a ninguén (ou a case ninguén), e apenas será lida -non sen certo grao de sorte e desgana as más das veces- polas persoas que conformen o correspondente tribunal que a xulgue. Pero “tamén isto é vaidade” (Ecl 2, 19), pois teño visto teses con erratas difficilmente xustificables, con serios problemas de maquetación, con escasa relevancia ou nulo aporte científico, seren calificadas con sobresaínte, *cum laude* e até postular a premio extraordinario. Con tanta ousadía coma pouco pudor. Se non me cres, agora que as teses non son coma un graal practicamente inaccesible (coa excepción daquelas presuntamente plaxiadas por figuras preciadas), agora que podes consultalas nos repositorios, vai e comprobao.

Queres saber se a túa tese terá interese real para alguén antes sequera de comezala? Pregúntate por que fas a tese. Para obter un título de doutoramento que engrose o teu currículo? Para salvar un obstáculo máis cara ao obxectivo do funcionariado? Pregúntate que aporta a túa tese á sociedade. Mellora algún xeito significativo o mundo no que vives? Vai ser lida, citada, comentada ou referenciada por algunha persoa allea ao teu entorno investigador? Pregúntate cantas teses interesantes liches que non o foran simplemente para inspirar a túa.

Definitivamente, o máis probable é que a túa tese non interese a ninguén. Interésache a ti cambiar isto?

Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**

# Códigos de identificación para persoas investigadoras



Os perfís de autor son unha axuda para a identificación inequívoca dos autores e autoras de publicacións científicas. Reúnen toda a información académica, producción científica e métricas dun autor/a facilitando a recuperación e difusión do seu currículo. Algúns destes perfís inclúen identificadores de autor, que consisten en códigos numéricos ou alfanuméricos, únicos e permanentes para cada investigador/a, para evitar errores ou confusións entre nomes parecidos. Estes códigos son xerados de forma automática polas bases de datos.

Os más coñecidos e consolidados son **ORCID**, **Researcher ID (WOS)** e **Author ID de Scopus**, áinda que existen algúns máis como **ISNI**, **VIAF**, etc.

Ademais, existen outros perfís, que áinda que non xeran un identificador visible ao público, si que permiten reunir toda a súa producción científica, como **Google Scholar Citations**, **ResearchGate**, **Academia.edu**, **Dialnet**, **Dimensions**, etc.

Principais características:

- Algúns perfís son voluntarios, e creados polo propio autor/a (ORCID, Google Scholar, etc.), pero outros son automáticos, sendo creados polas bases de datos, como **Scopus**, Dialnet ou WOS e, en caso de errores, permiten ser corrixidos.
- Permiten normalizar o nome do autor/a, agrupando posibles variantes, e a institución á que pertence, actual ou anteriores. Aporta más precisión á busca dun autor/a.
- Facilitan a identificación da producción científica dunha persoa e as súas métricas de impacto, citas, Índice H, etc.
- Aumentan a visibilidade e difusión da producción científica.
- Poden sincronizarse entre si os perfís dun autor/a, facilitando o intercambio de datos.

 Ir ao sumario

Estes códigos son estándar e están aprobados polos diferentes axentes da comunidade científica. De maneira sinxela, podemos dicir que son unha sorte de DNI científico das persoas investigadoras.

### ORCID (OPEN RESEARCHER AND CONTRIBUTOR ID)



**ORCID** é dunha organización internacional, interdisciplinaria, aberta, sen propietario e sen fins de lucro creada pola comunidade de investigación para o beneficio de todas as partes interesadas, tanto persoas individuais como as organizacións que apoian a investigación.

A organización proporciona un identificador dixital (ORCID iD) composto por 16 díxitos, persistente, único e gratuito que distingue a cada investigador/a doutros colegas, así como un rexistro que admite ligazóns automáticas entre todas as súas actividades profesionais no eido científico-técnico. O ID ORCID de cada investigador/a e as súas conexións almacénanse no Rexistro ORCID, nunha conta que cada usuario posúe e administra. Este código utilízase mentres os investigadores/as participan en actividades de investigación, becas e innovación. Pode utilizarse o mesmo ORCID ID ao longo de toda a carreira, incluso se a persoa investigadora cambia o seu nome ou muda a unha organización, disciplina ou país diferente.

ORCID susténtase financeiramente coas cotas de membros de organizacións de todos os sectores da comunidade de investigación. Non emprega datos para apoiar servizos publicitarios e non ten ingresos publicitarios.

### WEB OF SCIENCE (WOS)



É unha comunidade baseada na **Web of Science** (WOS) que fai visibles as publicacións de autores/as que participan nela. As persoas usuarias reciben un número de identificación persoal estable (RID) onde aparecen de xeito integrado os seus temas de investigación, publicacións e citas.

A WOS é un servizo en liña subministrado na actualidade pola compañía Clarivate Analytics (anteriormente Thomson Reuters e orixinariamente producido polo Institute for Scientific Information, ISI), que facilita o acceso a un conxunto de bases de datos de información bibliográfica e recursos de análise da información para avaliar o rendemento da investigación. A WOS abarca ámbitos da ciencia, da tecnoloxía, das ciencias sociais e, en menor medida, das artes e humanidades.

Para conseguir o research id, a persoa interesada pode acudir directamente á páxina de rexistro: [Registro en Research id](#). En España a xestión da licencia nacional de WoS corresponde á [FECyT](#) (Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía).

### AUTHOR ID DE SCOPUS

Scopus Author ID, Scopus Author Identifier ou, simplemente, Author ID é un [identificador de autor](#) que a base de datos [Scopus](#) asigna aos autores e autoras das publicacións que están incluídas en dita base de datos. O Author ID de Scopus está constituído por un código numérico que identifica a un autor/a cos documentos que ten asignados.

A base de datos Scopus ofrece unha páxina de perfil dos autores/as que contan con publicacións indexadas na plataforma onde, ademais dun identificador persistente propio, se inclúe outra información adicional como o número de ORCID, a afiliación institucional, as áreas de estudio da persoa autora, coautores, así como métricas baseadas nas publicacións que se atopan indexadas na base de datos. Scopus Author ID non permite realizar cambios nos perfís de autor. Estes cambios deben ser solicitados aos xestores da plataforma.



### AXENCIA DE REXISTRO ISNI

[ISNI](#) é o número estándar global certificado da ISO para identificar autores persoais e corporativos que interveñen na creación e distribución de obras intelectuais de calquera tipo, que inclúen investigadores, inventores, escritores, artistas, creadores visuais, intérpretes, produtores, editores, etc.



A misión de ISNI International Authority (ISNI-IA) é asignar ao investigador/a, inventor/a un número identificador único persistente para resolver problemas de ambigüidade de nomes na busca, así como difundir cada ISNI asignado nos repertorios de todo o mundo para que cada obra poida ser atribuída inequivocadamente ao seu creador sexa onde for descrita a obra.

A [Biblioteca Nacional de España](#) tramita peticións de números ISNI para autores ou entidades españolas que estean no catálogo da propia biblioteca.

**EDIUS**   **NOVAS**

# Proposta de concesión das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, 2023

Xa está publicada a proposta de concesión das axudas de apoio á etapa de predoutoramento nas universidades do Sistema de Universidades Galegas (USC, Universidade da Coruña e Universidade de Vigo). Estas axudas teñen catro anos de duración. O cuarto ano poderase converter nun contrato de capacitación para a formación posdoutoral no suposto de que as persoas investigadoras lean a tese antes do comezo do cuarto ano de contrato.

A convocatoria presta especial atención a que as persoas participantes neste programa contem co maior apoio posible para completar a súa formación, polo que se inclúe o financiamento dunha estadía de tres meses de duración no estranxeiro, que lles permitirá acadar a mención de doutora ou doutor internacional sempre que cumpran todos os requisitos.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as universidades do SUG, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur) e os centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia, que asinen coas persoas seleccionadas neste programa un contrato predoutoral de duración determinada e con dedicación a tempo completo, en virtude do



cal estas persoas quedarán vinculadas á institución onde desenvolvan a súa actividade, assumindo ambas as partes as obrigas contractuais que deriven del e que, en todo caso, se adecuarán ao contido da solicitude de axuda.

A estas axudas poderán optar aquelas persoas matriculadas nun programa oficial de doutoramento dunha universidade do SUG para o curso 2022/23. Esta matrícula terá que estar formalizada necesariamente a tempo completo antes da sinatura do contrato. Ademais, deberán acreditar que no momento da presentación da solicitude está en posesión do título de mestrado.

**Ir ao sumario**Máis información [neste ligazón](#).

# A opinión dos doutorandos/as

## Que quero, que necesito...

O que consideramos máis importante non sempre coincide co que más necesitamos. Falamos cos novos doutorandos e doutorandas para coñecer a súa opinión.

### 1. Como investigador/a, na túa orde de prioridades que é para ti o más importante nesta etapa?




ALBA  
LORENZO  
GARCÍA

#### Doutoranda en Dereito

Como doutoranda de primeiro ano, considero que nesta etapa da investigación é esencial realizar unha boa planificación do proxecto de tese, enfocar e definir o tema a tratar con claridade e profundidade e aprender todo o posible ao respecto, non deixando que as presás por querer avanzar na redacción e as distraccións nos leven a non facer un bo traballo de base.

É imprescindible contar cun equipo de dirección da tese implicado e responsable que che preste a orientación e asistencia que precisas e co que teñas unha boa conexión profesional. Así mesmo, necesitas ter á túa disposición os suficientes recursos como para poder levar a cabo unha boa labor investigadora, principalmente, tempo e fondos.




CARLOS  
DOPICO  
CASAL

#### Doutorando en Procesos Psicológicos e Comportamento Social

No meu primeiro ano de doutoramento, planificar a axenda e organizar os horarios de traballo está a ser chave para poder xestionar as miñas tarefas. Particularmente, para mim é importante distribuír o tempo en acadar obxectivos a curto, medio e longo prazo. Así, sinto que sempre estou dando pequenos pasos cara adiante, o que encontro especialmente motivador, sobre todo no inicio desta longa travesía con rumbo á elaboración da tese de doutoramento.

Tomar un respiro. Do mesmo xeito que considero fundamental optimizar o tempo de traballo, creo que é igual ou incluso más necesario organizar ben os momentos de descanso. No meu caso, busco oportunidades para realizar actividades físicas, sociais ou culturais que me permitan desconectar despois da xornada laboral.

### 2. E o que más necesitas?



LAURA  
PAZ  
FENTANES


#### Doutoranda en Estudos da Literatura e a Cultura

Nesta etapa predoutoral considero que o más importante é a xestión do tempo. Estar matriculada nun doutorado non implica a existencia duns horarios pre establecidos, polo que é unha mesma quen se ten que marcar uns tempos, uns obxectivos e unhas metas realistas. Por suposto, esta xestión do tempo non debe entenderse como un esquema pechado, senón como un plan ao que nalgúns ocasiós haberá que sumarlle imprevistos.

Considero que o más necesario nesta etapa predoutoral é o apoio á investigación. Moitas veces, as investigadoras e os investigadores podemos sentirnos desamparados ou con moitas incertezas sobre o noso futuro, polo que pór á nosa disposición distintos medios é fundamental para que poidamos desenvolver as nosas investigacións con certa seguridade.

Ir ao sumario

## A opinión dos doutorandos/as

**LUIS  
RODRÍGUEZ  
SANTOS****Doutorando Medicina  
e Sanidade veterinaria**

O que máis valoro sen dúbida é a colaboración interdisciplinaria. A posibilidade de traballar en equipo con investigadores de diferentes titulacións, coma veterinarios, biólogos ou farmacéuticos fortalece os meus coñecementos e enriquece a labor investigadora.

Posto que áinda é o meu primeiro curso na EDIUS, o que máis necesito é un bo apoio por parte dos meus directores de tese. Neste sentido síntome moi afortunado, pois desde o primeiro momento axudáronme a incorporarme á dinámica do grupo e resultame moi doado transmitirles as miñas inquietudes e susxestións respecto aos experimentos que estamos a facer.

**1. Como investigador/a, na túa orde de prioridades que é para ti o más importante nesta etapa?**

**INÉS  
RAMOS  
TRASAR****Doutoranda en Equidade  
e Innovación en Educación**

Creo que para poder comenzar ben a etapa é imprescindible ter claro cales son os teus obxectivos a curto prazo e o calendario/horario que che permita acadalos. Por este motivo, considero fundamental ter uns tempos de dedicación estruturados, orientados a construír tanto momentos de traballo para a tese de forma individual como compartida. Por este motivo, aposto pola configuración dun calendario mensual e semanal, onde organizar todas as tarefas (en función da súa prioridade) de forma que as poida cumplir de maneira sinxela, tendo en conta que a flexibilidade ten que ser unha característica primordial. Este calendario/horario deberá integrar as actividades no seo

e co meu grupo de investigación, os tempos de biblioteca, lecturas, revisión do estado de arte do meu obxecto de estudio, as actividades obligatorias do programa de doutoramento, a participación en xornadas, seminarios e congresos etc.; e a diversidade de accións que permitan o meu desenvolvemento integral.

Os elementos esenciais para organizar o meu tempo son: un calendario dixital e unha axenda. Deste xeito, teño unha visión daquilo que debo realizar e podo planificarme mellor. Normalmente poño varias tarefas ao día, organizadas de maior complexidade a menor complexidade, tendo en conta os tempos de descanso. Ademais, considero fundamental ter varios espazos de traballo e tamén compartir momentos de aprendizaxe con persoas do ámbito.

**EDIUS** NOVAS

# Programa de mentorización para alumnado da EDIUS

**EDIUS-Conecta**, un programa que ten como obxectivo achegar ao alumnado e profesorado ferramentas de innovación e traballo en equipo



A Escola de Doutoramento da USC presentou o curso pasado EDIUS-Conecta, un programa que ten como obxectivo achegar ao alumnado e profesorado ferramentas de innovación e traballo en equipo que permitan competir nun contorno tan cambiante como o actual. A EDIUS-Conecta está baseado en cinco eixos e no que os actores principais son o alumnado e profesorado.

Este programa xa desenvolveu o pasado curso tres accións: '*Hackthon Social-Tech*', un '*Sprint de Innovación*', uns '*Almorzos formativos con...*'. A Escola ten previsto lanzar no mes de xaneiro de 2024 o EDIUS *Mento-*

*ring*, un programa piloto centrado no acompañamiento do alumnado na etapa da tese. Todas as accións teñen un denominador común: potenciar a carreira profesional dos investigadores/as nas súas diferentes etapas de desenvolvemento.

O propósito do programa de mentorización é que de forma temperá o alumnado de doutoramento conciba e organice o seu plan de desenvolvemento profesional máis aló da realización da tese e a consecución do título de doutor ou doutora. A persoa mentora servirá como guía neste proceso, pensando naquelas competencias adicionais que poden ser necesarias para en-

 Ir ao sumario

focar con éxito a etapa profesional dos futuros doutores e doutoras, xa sexa no ámbito académico ou no eido empresarial.

O programa piloto da EDIUS estará destinado, nun principio, a 50 doutorandos/as como mentorizados e outros 50 mentores/as. A Escola quere que este mentoring teña un recoñecemento como actividade formativa e sirva para potenciar a carreira profesional de todas as persoas participantes. O programa, ademais, terá un recoñecemento de competencia transversal para a formación e carreira dos doutorandos e doutorandas.

Desde a Escola, animan a todo o alumnado de doutoramento a coñecer e participar neste programa, que é unha eficaz e innovadora ferramenta para cubrir as necesidades de apoio e orientación do alumnado desta etapa. Para dar a coñecer EDIUS *Mentoring*, a escola habilitou [unha ligazón](#) para que as persoas interesadas poidan solicitar información e aclarar todas as súas dúbidas.

A nivel nacional e internacional xa existen outras universidades que organizan programas de mentorización. Un dos que están a servir como modelo ao da USC é o que leva a cabo a [Universidade de Salamanca](#). Aínda que este programa opera cos principios dunha relación de mentorización tradicional (*face-to-face*), engádense formas e medios de comunicación electrónicos para ter más posibilidades de alcance e comunicación.

En Salamanca, a metodoloxía empregada está baseada nos “pares mentores”, onde os mentores son estudiantes experimentados do doutoramento que proporcionan apoio social, consellos, información privilexiada e orientación a aquel estudiantado de EDIUS interesado no transcurso do seu programa.

 [Ir ao sumario](#)

## FORMACIÓN EDIUS PARA O ACOMPAÑAMIENTO

Para afrontar os retos de acompañamiento na etapa de tese, a EDIUS xa oferta desde o curso 2020/21 unha crecente oferta formativa. Este curso a programación inclúe catro actividades, algunha das cales xa se levou a cabo en anteriores anos:

- ‘Como preparar unha carreira académica’. Formación impartida por Rafael Repiso, profesor da Universidad Internacional de La Rioja, experto en xestión bibliotecaria e avaliación científica. Este curso ofrece unha perspectiva de como debe ser unha carreira académica exitosa, as súas diferentes etapas, elementos, erros, etc.
- Xornadas de ‘Cultura Laboral en Investigación’. As II Xornadas J-CLI celebráronse no pasado mes de novembro en tres sedes distintas: Santiago de Compostela, Valencia e Madrid. O principal obxectivo é formar un foro social crítico en relación á investigación.
- ‘Taller de xestión do tempo e do estrés na etapa de tese’. Este curso celébrase tanto no campus de Santiago como no de Lugo. O fin último deste curso é ofrecer técnicas e ferramentas para velar polo benestar emocional dos estudiantes de doutoramento.
- ‘Coñecemos o Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC’. A finalidade desta actividade é descubrir a percepción social e a realidade do fenómeno no ámbito universitario, así como adquirir competencias para a súa prevención.
- ‘Team Building’. O curso está deseñado para o desenvolvemento de habilidades para o traballo en equipo das persoas doutorandas. A través das dinámicas activas do curso trabállanse activamente as competencias transferibles relativas á comunicación, cooperación, liderado, escoita activa e feedback necesarias para traballar de forma eficaz en equipo.

**EDIUS** NOVAS

## Arranca unha nova edición de Explorer, un programa de preincubación en liña e gratuíto que permite experimentar co emprendemento

**Santander X Explorer**



The advertisement features a woman with long hair and glasses, smiling and holding a smartphone. She is wearing a denim jacket. The background is blurred, suggesting an outdoor urban setting. The text includes logos for USC, Xunta de Galicia, and Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. It also includes the Santander X Explorer logo, the call to action "Inscríbete en:", the website "www.santanderx.com", a QR code, and the deadline "Prazo de inscrición ata o 12 de decembro".

**Inscríbete en:**  
[www.santanderx.com](http://www.santanderx.com)

**Prazo de inscrición ata o 12 de decembro**

**Conecta co teu futuro e crea o teu emprendemento**

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC puxo en marcha unha nova edición do Programa EXPLORER, dirixido a mozas e mozos maiores de 18 anos que, durante 12 semanas, queiran recibir formación transversal en xestión empresarial, validar e desenvolver unha idea de negocio e conectar cunha comunidade internacional de emprendedores.

 Ir ao sumario

O programa Explorer é un programa de preincubación en liña e gratuíto que permite experimentar co emprendemento, formarse e adquirir habilidades transversais que axudan á empregabilidade e independencia económica, así como os coñecementos necesarios para construír e validar unha idea de negocio e desenvolver as habilidades necesarias para transformala nunha solución viable e sostible da man de máis de 200 expertos/as en innovación e modelo de negocio.

Xunto á formación online en innovación, liderado, finanzas, mercadotecnia ou modelos de negocio, entre outros, os seleccionados/as poderán beneficiarse do acceso presencial aos Explorer Space da USC no Campus Terra (USC Lugo Space) e en Santiago (USC Santiago Space) centros de coworking de alto rendemento onde desenvolverán as súas ideas, conectarán con outros emprendedores e recibirán asesoramento e mentorización personalizado para o seu proxecto.

Os participantes formaranse a través dun enfoque práctico baseado en dinámicas e aprendizaxe social e conectaránse a unha comunidade global de emprendedoras/es que se incrementan edición tras edición coa incorporación de Explorer Spaces de Alemaña, Arxentina, Brasil, Chile, Estados Unidos, México, Portugal, Reino Unido e Uruguay.

Unha vez finalizado o proceso de formación de 12 semanas, os proxectos que completen as actividades do programa recibirán un certificado de participación e convalidación por créditos e poderán ser escollidos para participar no **Santander X Launch de Babson College**.


A convocatoria para participar no programa permanecerá aberta até o 12 de decembro. As persoas interesadas deberán presentar a súa candidatura (sós ou en equipos de até 5 persoas) na USC Lugo Space ou na USC Santiago Space.

Valida a túa idea de negocio e crea a independencia económica que queres mentres conectas cunha comunidade de persoas tan decididas coma ti.

	12 semanas
	AR, BR, CL, CO, DE, ES, MX, PE, PT, UK, US, UY
	Online
	Gratis

Ir ao sumario

# Formación



## Actividades Decembro 2023

### Introducción á análise espacial e á econometría espacial con R (curso para usuarios de R)



11, 14 e 18 de decembro de 2023  
Actividade Online, utilizando MSTEams

Matrícula: do 27 de novembro ao 4 de decembro

Horario: de 10:00 a 11:30h

# Investigación e Fediverso

*¿Son útiles as redes sociais alternativas das big tech?*

Son moitas as ferramentas e espazos que poden resultar de grande axuda para doutorandos e doutorandas no proceso de investigación. Trátase de atopar novos xeitos de compartir coñecemento, ampliar contactos e debater sobre os asuntos relacionados coas súas teses. As redes sociais, principalmente as de índole profesional, forman parte xa desde hai anos dese universo do que o persoal investigador pode botar man. Para aquelas persoas que queren fuxir das plataformas corporativas, existen outras con funcións similares que seguramente paga a pena coñecer e explorar. E para facelo, temos que entrar no chamado Fediverso, unha federación aberta de servidores que teñen como propósito principal publicar contido na web (*microblogging*, blogs, vídeos, fotos...).

É neste Fediverso, que é o acrónimo de “federación” e “universo”, onde están aloxadas as popularmente coñecidas como redes sociais alternativas. Alberto Quian, doutor en Investigación en Medios de Comunicación da USC, explica que consideramos redes alternativas aquellas que non son corporativas, isto é, as que non forman parte nin están controladas polas grandes compañías. Trátase de ferramentas que están xestionadas e controladas polos propios usuarios, unha situación de Quian cualifica como “totalmente disruptiva” porque non hai ningunha corporación detrás.

O Fediverso é un “cúmulo ou conglomerado de plataformas descentralizadas, libres, autónomas ou independentes e federadas, o que significa que os usuarios dunha plataforma poden interactuar

co de outras”, segundo explica o investigador. Isto non ocorre nas redes comerciais, onde é imposible interactuar, por exemplo, entre usuarios de X, Instagram e TikTok. O principal protocolo para a interoperabilidade do Fediverso é [ActivityPub](#), recomendado polo [World Wide Web Consortium](#).

Quian comenta que no Fediverso non hai un modelo de negocio porque as plataformas non son lucrativas. “O usuario pode ser unha empresa e anunciar algo, pero non se permite a publicidade integrada. Non se pode pagar por incrustar anuncios e non hai algoritmos que potencien contidos ou usuarios porriba doutros. Por iso falamos de que son redes moiás democratizadas”.

No Fediverso atopamos, por unha banda, **plataformas ou proxectos** e, por outra, **servidores ou instancias**. Estas últimas serían as que coñecemos como redes sociais. Con data 23 de setembro de 2023, [The Federation](#) –sitio de referencia para estatísticas do Fediverso– recollía 148 proxectos e 13.552.977 usuarios.

Entre as principais vantaxes das plataformas deste universo alternativo é que están construídas sobre un *software libre* e de código aberto. Iso converteas praticamente, segundo Alberto Quian, en “incorruptibles”. O Fediverso defende as licencias abertas e non protexidas por *copyright*. Pero tamén existe algunha desvantaxe relacionada coa almacenaxe de datos. “Como as instancias son creadas por persoas, a capacidade dos servidores é menor e, consecuentemente, poden albergar menos contidos.

A primeira plataforma de Fediverso creouse arredor do ano 2008, aínda que a primeira grande explosión sitúase a partir de 2015-2016. “É entón cando se empezan a crear comunidades más potentes arredor de usuarios moi especializados”, explica Quian, quen engade que estes naquel entón, os grupos estaban moi pegados ao mundo da informática. Aínda que se trata dun fenómeno global, podemos dicir que foi en Alemaña onde naceu o Fediverso, xa que un foi o alemán Eugen Rochko quen creou Mastodon a finais de 2016. O investigador da USC aclara que Alemaña é un país que sempre foi pioneiro no desenvolvemento da internet alternativa.

Tras a compra en 2023 de Twitter (actual X) por parte de Elon Musk, “a xente acudiou en masa a explorar plataformas como Mastodon, pero moitos non entenderon a filosofía porque non foi ben explicada”, puntualiza Quian. “Faltou un exercicio de pedagogía desde os medios de comunicación e desde a propia literatura académica”, engade. O estudoso pensa que ainda falta moita “investigación empírica e acción divulgativa”. Por iso, hai que facer máis “divulgación e pedagogía”.

Alberto Quian teno claro. O Fediverso “non vai substituír as redes corporativas, pero pode ser unha alternativa moi interesante”.

Sobre o perfil dos usuarios do Fediverso, Alberto Quian, tras dous anos estudiando este fenómeno, afirma que se trata, fundamentalmente, de “xente experta en computación, informática ou *software libre*, o que podemos resumir como o *underground* informático. Pero tamén existen comunidades importantes de científicos e xornalistas”. Engade que todos crearon os seus propios círculos. Ademais, asegura que, a nivel institucional, Alemaña, Suíza e a Unión Europea xa están tamén no Fediverso con instancias propias.

### A INVESTIGACIÓN NO FEDIVERSO

Sobre a utilidade do Fediverso para a investigación, concretamente para facer unha tese de doutoramento, Alberto Quian lembra que este movemento naceu moi apegado á comunidade científica. O obxectivo era favorecer o contacto e compartir coñecemento e publicacións con outras persoas con intereses comúns. “A idea orixinal era facer músculo social e intentar ser visible para outros”, asegura. Por iso, as redes sociais alternativas poden ser de gran axuda á hora de ampliar coñecementos e espallar os traballo dos investigadores e investigadoras.

Para Alberto Quian, o Fediverso “é un regreso á internet orixinal, ás súas orixes éticas”. O estudoso da USC di que se trata de “volver a unha internet onde os que chamamos usuarios -a min gústame referirme a eles como cidadáns do ciberespazo- teñan un papel central e non sexan produtos”.

Por iso, lembra a diferenza entre liberdade de expresión e liberdade de alcance. O Fediverso permite que todas as persoas poñan en práctica a liberdade de expresión, pero, en contra do que pasa nas redes sociais corporativas, aquí non se limita o alcance das mensaxes.

## As plataformas alternativas das big tech

### TWITTER - MASTODON

É a plataforma más popular do Fediverso. Hai unha gran variedade de instancias con normas e guías para cada comunidade. Hainas xenéricas, temáticas ou rexionais. Para a comunidade galega existe Mastodon.gal. As publicacións preséntanse en orde cronolóxica. Non hai usuarios e contidos destacados por algoritmos ou por pagos publicitarios ou promocionais.

### TWITCH - OWNCAST

Owncast é a principal alternativa a Twitch para a retransmisión en directo. Pode chegar a unha audiencia máis ampla no Fediverso, permitindo ás persoas seguila e compartiría en Mastodon e outros servicios federados.

### GRUPOS E EVENTOS EN FACEBOOK - MOBILIZON

Aquí pódese buscar ou anunciar actividades, ou crear unha páxina para organizar grupos. Mobilizón é un espazo autónomo.

Para cada plataforma das big tech existen alternativas no Fediverso. Estas son algunas das más populares.

### INSTAGRAM - PIXELFELD

Aínda que esta plataforma de fotos e vídeos é moi similar a Instagram na súa interfaz e usabilidade, Pixelfeld non ten publicidade. Os datos nin se envían nin se venden a terceiros e non hai algoritmos que limiten quen ve as publicacións, que se presentan en orde cronolóxica.

### SPOTIFY - FUNKWHALE

Funkwhale é a principal alternativa do Fediverso a Spotify e outros servicios de música en *streaming*. Este proxecto promove a publicación de arquivos sonoros con licencias *creative commons*, que permiten que sexan copiados, distribuídos, editados, remezclados e usados por outros, pero reconhecendo a autoría orixinal e baixo determinadas condicións.

### WHATSAPP - MATRIX

Entre as tecnoloxías de mensaxería instantánea, Matrix é a alternativa a WhatsApp e aplicacións similares, como Telegram. Trátase dun protocolo de código aberto que ofrece interoperabilidade e comunicacións descentralizadas e seguras con

### YOUTUBE - PEERTUBE

Permite crear unha plataforma de vídeo independente. É un proxecto libre de “algoritmos opacos” e de “políticas de moderación incomprensibles” como en YouTube. PeerTube tampouco depende de publicidade e non rastrea os datos dos usuarios.

### PLATAFORMAS DE PODCASTS - CASTOPOD

CastoPod é unha opción para os amantes dos podcasts que buscan plataformas alternativas. Este *software* non só facilita a interoperabilidade con outras plataformas federadas, tamén permite que os podcasts aparezan en plataformas comerciais como Apple Podcasts, Spotify... ou exportalos a redes como X, Instagram, Youtube ou Facebook. Ademais, pódense monetizar os contidos con suscricións premium, micropagos, propinas ou anuncios de audio sen *cookies*.

cifrado de extremo a extremo. Foi desenvolvido pola organización sen ánimo de lucro Matrix.org Foundation. As súas orixes remontanse a 2014, aínda que empezou a gañar millóns de usuarios na década de 2020. Podes enviar en tempo real mensaxes, compartir arquivos ou facer chamadas de voz e vídeo. Ademais, poden crearse pontes para conectar Matrix a WhatsApp, Telegram, Instagram, LinkedIn ou Skype, entre outros.


**EDIUS NOVAS**

# A USC lanza unha campaña para combater o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero

O Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero da USC é a resposta da Universidade para crear un marco normativo e de políticas activas para garantir os dereitos das persoas acosadas e detectar e combater as situacións de acoso. Coa intención de dar a coñecer o Protocolo, a USC botou a andar o 27 de novembro a campaña ‘Contra o acoso’ coa que se pretende sensibilizar á comunidade universitaria nesta materia a través de diferentes canales.

Trátase de que as vítimas saiban “a onde acudir cando sucede algo así”, explicou o reitor Antonio López. Con todo, a campaña non só se dirixe ás vítimas, senón que consta dunha serie de lemas dirixidos á comunidade universitaria no seu conxunto pero tamén ás persoas que exercen o acoso, en particular. Dende esta semana, os centros da USC, así como as redes sociais da Universidade, exhibirán carteis con lemas como “Se pensas que agora ‘todo é acoso’ e que xa non se pode dicir nada. É acoso”, “Se ante unha denuncia de acoso culpas á vítima. Es cómplice de acoso” ou “Se no teu departamento as tarefas de xestión más ingratas e invisibles recaen de forma sistemática en ti ou nas túas compañeiras. É acoso por razón de sexo”, entre outros.


A estes lemas, súmase a colocación de monólios nas bibliotecas e colexios maiores nos que se explica que o acoso por razón de sexo “é todo



comportamento non desexado realizado en función do sexo dunha persoa co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva”. A campaña está coordinada dende a Oficina de Igualdade de Xénero da USC, coa que se pode contactar a través do enderezo [oix@usc.gal](mailto:oix@usc.gal) ou do número de teléfono 881 811 309.

Ir ao sumario

**EDIUS** **NOVAS**



## O Portal da Investigación estrea a versión beta dun buscador de especialistas por eidos temáticos

O Portal da Investigación da USC acaba de estrear a versión beta dunha nova sección destinada a identificar especialistas nun determinado eido temático. Deste xeito, as persoas usuarias só teñen que teclear no buscador o concepto e obterán a listaxe de persoal investigador da USC que ten efectuado traballos nese ámbito.

O Portal conta na actualidade con preto de 2.000 perfís de persoas investigadoras, máis de 300 grupos, arredor de 7.600 proxectos, unhas 100.000 publicacións e preto de 10.000 teses de doutoramento. Este portal botou a andar en abril de 2021 coa intención de difundir, dar visibilidade e transferir á sociedade os resultados das actividades de investigación da Universidade.

